

## **Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Astilleros Gondán, S. A. para o desenvolvemento dun programa de formación específico para futuros traballadores da empresa.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou o 14 de xuño de 2021 coa empresa **Astilleros Gondán, S.A.**, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata a finalización da formación .

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Astilleros Gondán, S.A., para o desenvolvemento dun programa de formación específico para futuros traballadores da empresa. Esta formación combinará os procesos de ensinanza e aprendizaxe nas instalacións da empresa Astilleros Gondán, S.A. e no CIFP Porta da Auga de Ribadeo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

A empresa Astilleros Gondán, S.A., está disposta a participar no plan de formación específico destinado a futuros traballadores establecido no certificado de profesionalidade "TMVU0111- Pintura, reparación e construción de elementos de plástico reforzado con fibra, de embarcacións deportivas e de recreo". Adicionalmente a formación complementarase co módulo profesional "MP0620 – Mecanizado básico" e coa unidade formativa "Prevención de riscos laborais" do módulo profesional de "Formación e orientación laboral", ambos módulos incluídos en títulos de formación profesional do sistema educativo.

A empresa Astilleros Gondán S. A. colaborará coa formación acollendo nas instalacións as persoas que estean realizando o programa de formación específico, particularmente co módulo formativo de "Prácticas profesionais non laborais", incluído no certificado de profesionalidade.

A distribución e a duración da formación dos módulos formativos do certificado de profesionalidade e dos módulos profesionais do ciclo formativo serán as recollidas no anexo do convenio.



O alumnado adquirirá a formación no centro educativo segundo a temporalización recollida no anexo do convenio e no horario lectivo que se estableza.

A estancia do alumnado na empresa axustarase á temporalización establecida no anexo do convenio. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa profesionalizadora deberase desenvolver dentro do marco temporal do horario laboral da empresa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

